

## **ACTA COORDINADORA 24/04/2017**

Sendo as 19:30 horas do día 24 de abril, reúnese a Coordinadora para tratar a seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta anterior
2. Traballo axendados
3. Reparto responsabilidades Coordinadora
4. 1º Maio
5. Carta financeira. Desenvolvemento regulamentario
6. Páxina web

**Asistentes:** Luis Villares, Vitoria Esteban, Elena Cores, Alfonso Diz, Ana Seijas , Mario López, Iria , Esther Duro, Gonzalo, Sara Torreiro, Pancho Casal e Chelo Martínez.

Xustifican inasistencia Gonzalo e Ana Seijas atraso por asistir ao acto de Compostela Aberta.

### **1. Acta**

- Aprobada sen alegacións

### **2. Traballos axendados**

- Traballo voluntario. Informa Elena do traballo realizado: envío dunha guía e de iniciativas provintes do Parlamento ás mareas municipalistas para o banco de mocións.  
En canto ao traballo sectorial está a rematar coa base de datos de persoas dispostas a colaborar.
- Xornadas pechadas:  
“Cláusulas sociais na contratación administrativa”. Día 6 de maio en Compostela.  
“Defender e fortalecer a Sanidade Pública”. 13 de maio en Compostela.  
Hai que establecer un plan de comunicación das dúas xornadas sen que se solapen. Hai que enviar: xornadas, escrito-enquisa inscritas e escrito-enquisa mareas locais.

Acórdase enviar esta semana un “Boletín” que se converterá en semanal e no que se irá comunicando toda a actividade de EM. Neste primeiro irá os escritos-enquisas e a xornada de “Cláusulas sociais na contratación administrativa”.

Anunciarase nos medios e nas RRSS a xornada “Cláusulas sociais na contratación administrativa”. Na seguinte semana anunciarase a “Defender e fortalecer a Sanidade Pública”.

- ☐ Marea de Curtis. Informa Sara que está en marcha a súa constitución.

### **3. Reparto responsabilidades Coordinadora**

- ☐ Acórdase o seguinte reparto de responsabilidades:

#### Acción Estratéxica

1. Relacións Políticas: Luís Villares
2. Relato: Mario
3. Comunicación: Sara
4. Formación-Mareas sectoriais: Chelo

#### Corresponsables

Esther  
Sara  
Mario

Luís - Iria

Pancho ofrece a súa colaboración para formación xa que está levando dous grupos de traballo no GP.

#### Coordinación e Extensión

5. Coordinación interna: Vitoria
6. Extensión Territorial: Iria
7. Municipalismo: Ana
8. Ferramentas: Alfonso
9. Metodoloxía e coidados: Elena

Ana  
Elena  
Vitoria  
Elena  
Alfonso

10. Administración e finanzas: Gonzalo

Esther

#### Transversais

11. Relacións cos movementos sociais: Esther
12. Feminización e Acción Feminista: Ana
13. Cultura, Lingua e Patrimonio serán colexiada.

Luís - Chelo  
Iria

### **4. 1º Maio**

- ☐ Acórdase apoiar todas as manifestacións e actos do 1º de maio, chamando á participación nos mesmos. Encárgase Comunicación e Relacións cos movementos sociais.

## 5. Carta financeira. Desenvolvemento regulamentario

- Igual que se fixo con Podemos, solicitarase a EU a súa carta financeira para facilitar o acordo. Encárgase Luís.

## 6. Páxina web

- Informa Luís do traballo que se está a facer con Las tres en punto e a petición correspondente ás empresas do sector e o seu informe sobre os dous orzamentos que presentaron as distintas empresas. Non hai terceiro orzamento por rexeitar o traballo unha das empresas consultadas.
- Nova web de EM: Cos problemas de acceso que temos por falta das claves, farase unha mellora urxente e provisional que será mellorada en canto teñamos as mesmas. Acórdase encargarlle o traballo a LEDMON por adaptarse mellor ás necesidades de EM, a máis de ser o menor orzamento. Encárgase Alfonso.
- Informa Alfonso que non podemos traballar en Medrando por non ter acceso á mesma. Encárgase Alfonso coa colaboración de voluntarios de ir traballando no acceso ás ferramentas.
- Acórdase enviar mañán o burofax aos membros da anterior Coordinadora Provisional reclamando as claves que faltan. Encárgase Mario.
- Preguntan do GP quen se encarga do e-mail de EM. Alfonso preparará unha relación de correos corporativos para decidir quen atende cada un e cales deben desaparecer.  
a quen dirixen os correos: Iria  
a quen remitimos a axenda de actos-convites: Ana  
actos e convites do GP: Luís e Esther  
charlas organizadas en nome de EM: debe coordinarse. Ana  
reunión cos coordinadores do GP. Manterase unha xuntanza con eles o mesmo día da próxima coordinadora.

## 7. Asistencias técnicas e contratacións

- Acórdase a contratación de A Las tres en punto para dar solución ás necesidades urxentes do traballo da coordinadora.
- Deberíase contratar asistencia administrativa.

- Asesoramento técnico e xurídico ás Mareas locais. Mentres non se fan os contratos laborais, acórdase contratar cun gabinete. Trasladarase ao Consello a urxencia de cubrir esta labor de EM e polo tanto da contratación.

## **8. Desenvolvemento territorial**

Protocolo para adhesión de mareas locais. Iria propón un modelo. Acórdase traballalo telematicamente para ter a versión definitiva lista para a súa aprobación polo Consello. Encárganse Iria, Ana e Vitoria.

## **9. Mareas sectoriais**

Informa Ana que enviaron de Feminismos unha documentación sobre Ventres de alugueiro e solicitan envío ás mareas locais e un cartaz que publicite o acto en cada localidade onde se realice. Encárgase Alfonso do envío. Ana lles preguntará sobre a intendencia que necesiten: cartaz, medios técnicos, etc.

## **10. Varios**

Mario informa que hai interese en A Coruña en presentar unha iniciativa sobre a Lei de Portos do estado en relación ás operacións de terreos. Trasladarase ao GP do estado.

Convócase o Consello para o sábado 29 ás 16:30 horas no Paz Nogueira.

Informa Pancho que xa van varias persoas que fixeron préstamos a EM e se queixan porque chaman para enterarse como está o tema da devolución e non lles contesta ninguén, nin os contactos que lles foron facilitados. Tratarase no Consello. Chelo e Luís preparán un informe de acordos da Coordinadora para o Consello.

Sen máis asuntos que tratar, remata a reunión ás 22:45 horas.